

China-EUA: Que relación no século XXI?

Xulio Ríos

A visita realizada a EUA polo presidente chinés, Hu Jintao, entre o 18 e o 21 de abril de 2006, serviu, fundamentalmente, para evidenciar dúas das principais características que probablemente acompañarán as próximas décadas. Dunha banda, a crecente significación de China no sistema internacional, non soamente no eido económico, como viña sendo habitual ata hai pouco tempo en virtude dun sostido ritmo de crecemento de dous díxitos dende os anos oitenta, senón tamén noutros ámbitos. A opinión de China conta cada vez máis nos escenarios da xeopolítica internacional. Bush, coa súa petición dunha maior implicación chinesa nos *affaires* de Corea do Norte e de Irán, ou co inicio dun diálogo bilateral explícito sobre América Latina, que podería estenderse moi pronto a África, veu a recoñecer esa condición de potencia de dimensión global, máis alá do ámbito estritamente rexional. Non obstante, cabe sinalar que a China quedalle aínda moito por percorrer para que ese proceso se consolide. A pesar do elevado ritmo de crecemento, as taras internas, o retraso tecnolóxico e as súas insuficiencias en materia de defensa, indican que a madurez da significación internacional de China será aínda relativa por un tempo.

En segundo lugar, as dificultades para agrandar os consensos na relación bilateral con EUA tamén van crecendo en paralelo. Nesta xuntanza, que despois da suspensión do previsto no pasado ano como consecuencia do furacán Katrina, foi a primeira visita oficial do presidente chinés –elixido en marzo de 2003– a EUA, pero que viña a ser xa a quinta reunión celebrada por ambos en pouco máis dun ano, os desacordos xurdiron mesmo na cualificación protocolaria da iniciativa. Para China, tratouse dunha visita de Estado; para EUA, foi unha visita de traballo. Ese foi o ton de toda a xuntanza: cada unha das partes expuxo o seu parecer e a desigual interpretación dos problemas principais que conformaban unha axenda informal, dando a entender a existencia de claros desacordos que, de ser o caso, levará tempo resolver⁽¹⁾.

No decurso dos preparativos desta visita do presidente chinés a EUA, en Beijing aplicáronse a fondo para conseguir un obxectivo principal: reducir os temores de Washington respecto da rivalidade chinesa. China preparou a conciencia este cumio, intercambiando numerosas mensaxes de boa vontade, incluíndo a conmemoración do 35 aniversario do inicio da diplomacia do *ping-pong* que iniciou o desexo entre ambos países ou a promesa de poñer fin ao embargo de carne americana (polo mal das vacas tolas), a insistencia na persecución dos delitos relacionados coa propiedade intelectual, ou a anunciada decisión de permitir ás empresas e aos cidadáns

(1) En *Courrier International*, 24 de abril de 2006.

chineses adquirir máis dólares para poder investilos no estranxeiro. Por primeira vez, á desactivación dalgunhas diferenzas comerciais sumáronse diálogos en materia de enerxía ou seguridade, mentres que os asuntos internacionais de interese común incrementaban o seu peso na axenda: se antes era soamente a non proliferación nuclear, ou o antiterrorismo, agora incorporábase tamén a análise da evolución de determinadas rexións de especial interese para ambos, a fin de prover de transparencia e coordinar, na medida do posible, as respectivas políticas. A priori, os desacordos non eran poucos nin de pouca importancia, pero, case todos, negociables, especialmente os máis visibles, aqueles relacionados cos intercambios comerciais ou os desaxustes financeiros.

Se tiveramos que comparar a listaxe de asuntos que achegan e afastan a ambos estados, sen lugar a dúbidas, os últimos serían hoxe os máis numerosos. Dende as diferenzas en materia de protección da propiedade intelectual, o déficit comercial estadounidense, a reevaluación da moeda chinesa, por non falar dos dereitos humanos, os singulares matices que separan os seus puntos de vista en canto á proliferación nuclear, as desavinzas en materia enerxética, etc, o cal non quer dicir que de todo iso se derive necesariamente un distanciamento insalvable. Na conxuntura presente acércaos, é verdade, unha visión moi próxima en canto á loita antiterrorista. Pero ¿é suficiente para establecer un diálogo fluído? Parece que non. Pese a iso, as autoridades chinesas fixeron mil e un esforzos para reducir os factores de confrontación e tender pontes para que este diálogo con Bush puidera deixar entrever o horizonte dun entendemento a longo prazo, en que a emerxencia de China non suscite tantas reticencias nin hostilidades en Washington. Pero non está nada fácil⁽²⁾.

China e EUA estanse a facer á idea de que a súa axenda pode ser un elemento determinante do sistema internacional nos próximos anos e China suxire a EUA que nas súas relacións prime a cooperación sobre o antagonismo. A reafirmación desa cooperación exclúe o exercicio de calquera hexemonismo que implique a maximización dos intereses estatais de EUA pola vía de exercer presións sobre China, dise en Beijing. Ese natural reparo, que os chineses elevan á consideración de contradición, xera incerteza porque EUA dubida do significado final do desenvolvemento de China para os seus intereses, para o sistema internacional e para a posición de EUA no sueste asiático e no mundo, especialmente naquelas zonas de maior interese estratéxico. Cren que máis tarde ou máis cedo, China acabará sendo un enorme desafío para EUA. E esa razón lévaos a adoptar precaucións.

Unha das novidades deste encontro radicou, precisamente, na inclusión de América Latina nas conversas. En EUA comeza a preocupar o feito de que o presidente Hu sexa mellor recibido ca Bush en moitas capitais do hemisferio e que os lazos militares chineses na rexión vaian aumentando a súa importancia⁽³⁾. Recentemente, o secretario executivo da CEPAL, José Luis Machinea, recordaba que, se ben

(2) En *Le Monde*, 20 de abril de 2006.

(3) En *Interpress Service*, 21 de abril de 2006.

o papel de China no campo das inversións non é relevante, no futuro seguramente investirá para se “asegurar” certos recursos naturais existentes nos países da rexión. Machinea sinalaba que no *Informe sobre a inserción de América Latina no mundo*, presentado o pasado ano pola CEPAL, hai un capítulo dedicado a China, onde se prognostica o rol que terá este país no desenvolvemento de América Latina nos próximos anos. Hoxe xa dispón de certa relevancia en Arxentina, Brasil, Chile ou Cuba. As inversións directas non financeiras de China en América Latina sumaron 930 millóns de dólares nos primeiros tres meses de 2006, o que supón un 34,9% da inversión deste tipo realizada no estranxeiro e sitúa a esta rexión como o segundo destino preferente. As inversións directas non financeiras de China no estranxeiro creceron un 2,80% no primeiro trimestre ata acadar 2.680 millóns de dólares, acaparando Asia o 49,2% do total. O comercio bilateral desta rexión con China pasou dos 200 millóns de dólares de 1975 a 47 billóns no pasado ano. Brasil, por exemplo, multiplicou por cinco as súas exportacións a China na última década.

A promesa do goberno chinés, feita en 2003, de investir 100 billóns de dólares en América Latina en dez anos xerou inicialmente un gran entusiasmo na rexión, onde se confía en que boa parte dos recursos destinaranse a infraestruturas e tecnoloxías, e non só a privilexiar o acceso a materias primas que garantan o forte crecemento económico chinés, sexa o petróleo de Venezuela, o gas de Bolivia ou o ferro de Brasil.

A estratexia ideada por China para abrandar as resistencias de EUA non é novidosa. Trátase de priorizar a atención nos asuntos económicos, deixando de lado os temas máis espiñentos. Esta política estalle dando bos resultados en relación a Taiwán, no sueste asiático, ou no Pacífico Sur, lugares onde medra de forma ostensible a influencia do xigante oriental. Poderá funcionar tamén en relación a EUA? Sen dúbida esixirá unha maior dose de empeño.

Robert B. Zoellick, subsecretario de Estado, sinalaba en setembro pasado a esencia do problema: as relacións entre os dous países non soamente deben establecerse en función da xestión dos intereses comúns, senón tamén sobre a base de compartir unha “concepción común dos valores esenciais”, en alusión aos dereitos humanos e a democracia. En realidade, o que Washington reclama é que o desenvolvemento de China se encamiñe de modo tal que teña en conta, na fixación do rumbo, os intereses de EUA. Mentres non se vexa así con total claridade, a contención e o contacto medido constituirán o esencial da estratexia de EUA con respecto a China.

Hu, que dispón de indicios suficientes para pensar que EUA incrementa as súas cautelas en relación ao seu país, quere construír unha relación que supere os altibaixos e mutuas sospeitas, pero a Bush, pouco amigo das medias tintas, cústalle entender as sutilezas chinesas. Beijing non alberga a intención de se converter na URSS do século XXI, nin desde o punto de vista ideolóxico (tan confuso e enigmático á vez), nin político, nin militar. Máis dunha vez, altos dirixentes chineses preocupáronse de enfatizar que non caerán na trampa dunha carreira de armamentos que non poderían soportar e que daría ao traste coas súas posibilidades de desenvolvemento.

mento, aínda lonxe de alcanzar a plenitude. O seu é a economía (garante do dólar, non se esqueza), por máis que Washington se empeñe en presentala como unha ameaza militar. A súa emerxencia, pacífica, como sinalaba Zheng Bijian, ex-vice-presidente da Escola Central do Partido, soamente ten como obxectivo revitalizar a súa propia civilización, o que non debe xerar ningunha inqueda para o mundo. Pero ese anhelo de soberanía, non soamente cultural, fai que non todos o vexan así, tan de cor de rosa, destacando a súa condición de potencia antagonista.

En relación ao relatorio emitido en 2001, a principal novidade do informe cuadrienal de defensa elaborado polo Pentágono e dirixido ao Congreso o pasado febreiro, é que EUA fixa cada vez máis a súa atención nos asuntos militares chineses, sinala a Beijing como o principal competidor e ponse en garda fronte a el. Así o entende Zhu Fen, profesor do Instituto de Relacións Internacionais da Universidade de Beijing, quen engade que a modernización militar de China desenvólvese baixo parámetros de normalidade e que a emerxencia soamente pode definirse como pacífica pois China non ameaza a ninguén nin dana o crecemento san e estable das relacións internacionais. No Washington de Bush non dan crédito a esa insistencia na humildade chinesa, consideran que é unha simple estratexema para captar recursos ao longo e ancho do planeta, acceder á alta tecnoloxía e conseguir indulxencia e tolerancia dos países occidentais nos temas que provocan unha maior erosión da confianza bilateral.

A cuestión de fondo, polo tanto, semella abocada a permanecer inamovible por un tempo. EUA está pouco inclinado a baixar a garda. Washington ten o obxectivo estratéxico fundamental de garantir a súa hexemonía planetaria, evitando que un país ou un grupo de países poidan desafiar a súa posición. A estratexia coa China enmárcase nun proceso activo e in crescendo de prevención. Non obstante, o certo é que a emerxencia de China está modificando a configuración mundial. A súa influencia aumenta e hai que dispoñerse a facerlle un oco, tanto no plano rexional, onde o seu papel económico é cada vez máis determinante, como a escala global. China é un referente indispensable da nova época, pero, rival ou aliado, segundo Bush, debe elixir. E tanto os xestos e actuacións propias como o incivilizado comportamento internacional de EUA, tan frecuente, parecen inclinala máis ao primeiro que ao segundo.

Washington ten a mirada posta nos próximos 25-30 anos, cando o poder económico de China sexa xa de todo irreprimible e para entón, quere estar en condicións de poder influír decisivamente na súa conduta internacional. En numerosas rexións do mundo opérase unha feroz competencia e os seus intereses respectivos dificilmente atopan e consolidan ámbitos de cooperación. A experiencia chinesa no frustrado intento de compra da petroleira estadounidense UNOCAL é ben expresiva das reservas existentes e alimenta un puxante proteccionismo chinés. Cando o pasado 27 de decembro, EUA anunciaba a imposición de sancións a oito sociedades que venderan determinadas armas e tecnoloxías a Irán, seis desas sociedades eran chinesas. Beijing non apoia a política de illamento tecnolóxico de Teherán e enmarca a

súa relación con este país partindo da consideración de que é un importante proveedor de produtos petroleiros.

A segunda parte deste escenario refírese á protección das rutas de aprovisionamento para evitar bloqueos en caso de conflito aberto, que ben puidera xurdir polo problema de Taiwán. Os esforzos de China oriéntanse a establecer puntos de apoio terrestre que poidan protexer as súas rutas de aprovisionamento. A parte máis importante é a construción do porto de Guadar, no oeste de Paquistán, situado a 400 km do estreito de Ormuz. China financia o 80% dos 248 millóns de dólares deste novo porto. Ademais das finalidades propiamente comerciais, tanto en Washington como en Nova Delhi sospeitan que Beijing terá autorización para que a súa mariña poida utilizalo para facer escalas. O Pentágono fala dun “colar de perlas” que China está construíndo paso a paso no océano Índico, do golfo Pérsico ao estreito de Malaca, por onde transita o 80% do petróleo que importa. En Chittagong (Bangladesh), China obtivo facilidades para os seus barcos civís e militares. En Camboxa tamén ten proxectos en marcha. Con Myanmar estableceu unha alianza militar e constrúe varios portos, ademais dunha estación electrónica de escoita na illa de Great Coco, onde tamén está proxectada unha base naval. Desde aí poderá controlar todo o tráfico marítimo do estreito de Singapur, as actividades marítimas indias, e a zona de ensaio de mísiles de Chandipore.

Está prevista ademais a construción dun enlace por estrada e ferroviario por onde discorrerá un oleoduto de 1.200 km, que unirá o litoral birmano e a provincia chinesa de Yunan, dando acceso aos chineses ao golfo de Bengala. Os traballos deste proxecto xa comezaron nos dous lados e cando se culmine facilitará o acceso directo de China ao océano Indico, dando a oportunidade de que as provincias chinesas do interior teñan outra opción costeira, diferente ao seu litoral desenvolvido. Mianmar é un país clave, que permite o control do estreito de Malaca por onde tamén circula o petróleo xaponés e moitas outras mercancías esenciais. China soña ademais coa construción dun “canal de panamá asiático” no istmo de Kra, que separa a Tailandia do Norte e do Sur, unha zona infestada de piratas e moi insegura aínda hoxe.

EUA segue con atención todos estes movementos, e aínda que Zhen Bijian, agora presidente do Foro Reforma China, insista na súa teoría do desenvolvemento pacífico e en que China non alberga propósitos militares nin hexemonistas, iso non impedirá que quen poida habilite mecanismos de prevención ao respecto amparándose na sacrosanta razón da seguridade nacional. Non basta con esforzarse en mellorar a imaxe ante quen demostrou en multitude de ocasións que a imaxe impórtalle pouco.

EUA ten perfectamente asumido que é en Asia onde se vai a definir a hexemonía no século XXI. E falar de Asia en sentido de futuro é, sobre todo, falar de China, quen, pese a negar calquera aspiración dominante, podería liderar un bloque de poder se, como parece, mellora as súas relacións coa veciña Rusia e consolida a Organización de Cooperación de Shangai (OCS). O último encontro con Putin, cele-

brado en marzo deste ano, derivou nunha nova aproximación entre ambos países. No próximo verán reunirse a OCS, unha alianza cada vez máis compacta e con posibilidades de ampliación e reforzamento, pese á modestia e cautela con que se está trazando a súa configuración para non espertar máis inquietudes das estritamente necesarias. A xuntanza dos ministros de defensa dos estados membros da OCS, celebrada en abril en Beijing, acordou a celebración de manobras militares antiterroristas conxuntas no próximo ano.

Para China é un problema que EUA non entenda nin comparta os matices da súa proxección internacional. Washington está disposto a asegurarse unha posición vantaxosa nos escenarios de maior importancia (léase Asia Central, Oriente Medio, Caspio), onde o control dos recursos enerxéticos pode facilitar a protección dos seus intereses fronte a potenciais nacións competidoras, entre elas, a chinesa, a quen intenta frear a toda costa no seu auxe, como demostrou o recente e sorprendente (e controvertido) acordo con Nova Delhi, para afastala de Rusia e China (e da OCS, onde xa participa como observadora, ao igual que Irán e Paquistán).

A EUA viríalle ben incluso unha guerra fría con China. Pero Beijing parece ter claro que a súa principal arma é a economía e, sen deixar de modernizar a súa defensa, non caerá na trampa de competir con Washington sobre capacidades militares, terreo no que perdería antes de empezar. Reducir algo a vantaxe militar suporíalle hipotecar o seu crecemento. A súa aposta é outra. Por exemplo, os dous terzos das reservas chinesas (820 mil millóns de dólares en 2005) están depositados en dólares, a metade en bonos do Tesouro estadounidense (247 mil millóns de dólares) e calquera insinuación de diversificación da carteira produce unha enorme intranquilidade en Washington. A finais de 2005, os investimentos reais de EUA en China alcanzaban os 51,1 mil millóns de dólares. En China establecéronse 49.000 empresas estadounidenses. O 60% das reservas de divisas chinesas, as maiores do mundo ao superar recentemente a Xapón, están depositadas en dólares. Aínda que China, como xa se dixo, non abandeara un proxecto ideolóxico e político tan abertamente antagónico como no caso da URSS, ven apostando pola multipolaridade e define a súa emerxencia como pacífica. Pero tamén como civilizatoria. Ou nacionalista, se se prefire. Pero a única soberanía que EUA pode admitir é a súa propia e ningunha máis. E aí os polos poden repelerse.

O cumio, ¿un punto de inflexión?

Pequenos, pero significativos progresos no sector privado, ningún avance substancial no diálogo coa Administración Bush, poderían resumir os magros resultados da primeira visita oficial do presidente Hu Jintao a EUA. ¿Cabería esperar máis? Non moito, a pesar do número de ocasións que os dous dirixentes tiveron a ocasión de encontrarse, da claridade da axenda que problematiza o seu entendemen-

to e a diversidade de preparativos que rodearon a escenificación deste encontro⁽⁴⁾. Bush invitaba a Hu a reunirse con el en Texas, no seu rancho, pero Hu preferiu a visita protocolaria. En 1997, Clinton recibira en “debida forma” a Jiang Zemin, o seu antecesor, e el non podía ser menos. Unha parte importante desta viaxe tiña tamén lecturas internas.

Hu, secretario xeral do Partido Comunista de China (PCCh), sentiuse cómodo no seu contacto co mundo empresarial estadounidense (*Microsoft* e *Boeing*). A Bill Gates parece terlle dado garantías de que China non porá en marcha ningún sistema alternativo a Windows. Esa certeza recibiu os naturais eloxios do magnate de Microsoft, preocupado ante a hipótese da aparición dun novo competidor. Aclamado por milleiros de traballadores, tamén agraciou á *Boeing* coa compra de 80 avións do seu modelo 737, por un valor de 4.600 millóns de dólares. A simpatía do mundo empresarial estadounidense é clave para desactivar a belixerancia do Congreso e do Senado, desgustados polo elevado volume do déficit comercial bilateral e a insuficiente consideración chinesa a respecto dos intereses estadounidenses noutras ordes económicas ou comerciais.

Tampouco se atopou a desgusto co mundo académico. En Yale, en Connecticut, actuando Ernesto Zedillo como mestre de cerimonia, perseguido polos simpatizantes de Falungong e outras causas difíciles en China, insistiu na idea do desenvolvemento pacífico e no multilateralismo. Probablemente convenceu a poucos dos presentes, acostumbrados sempre, para curarse en saúde, a poñer sobre a mesa os riscos, e todos eles moi conscientes da guerra subterránea que, a nivel estratéxico, desenvolven ambos países, e que constitúe hogano unha rivalidade central do sistema internacional. Os novos conceptos políticos que impulsa o discurso de Hu Jintao (deixando atrás a doutrina da emerxencia pacífica e a multipolaridade do seu antecesor Jiang Zemin) estiveron omnipresentes en toda a xira.

Pero o diálogo con Bush foi un diálogo de xordos. Hu quixo convencer a Bush de que a súa principal preocupación son os problemas internos, que son moitos e coñecidos, e que por iso non ten tempo para dedicar a converterse nunha potencia. Escoitáronse mutua e atentamente, pero o seu encontro foi moi breve, a penas unha hora, insuficiente para avanzar na aproximación de posicións nalgún dos contenciosos que lles distancian. En suma, non serviu para avanzar en nada concreto se non é para deixar en evidencia a inquedaanza crecente nalgúns sectores estadounidenses respecto de emerxencia de China como unha gran potencia. Ademais, a torpeza “protocolaria” ao anunciar o himno da República Popular China como da República de China, como se coñece tamén a Taiwán, ou a irrupción dunha seguidora de Falungong mentres Hu se dirixía aos asistentes, eclipsaron totalmente a benvinda ao presidente chinés e a lixeira mellora de imaxe que o réxime conseguira cando, ante as reiteradas presións para o recoñecemento dunha maior liberdade relixiosa, o goberno chinés, ateo, promoveu e finan-

(4) En China Daily, 24 de abril de 2006.

ciou a celebración dun Foro Mundial Budista, na véspera do encontro con Bush. Non falta quen pense que ambos foron erros “deliberados”.

Nas palabras do titular da Casa Branca referidas a Taiwán, o ton habitual, coa expresión do rexeitamento a calquera medida unilateral que modifique o actual status da illa. Hu insistiu na reunificación, sendo categórico no rexeitamento da independencia. Nada se falou sobre Xapón, cunhas relacións cada vez máis delicadas con China, asunto que preocupa en Beijing e que non desexan ver alargado agora a un divorcio crecente con Washington, se ben no primeiro caso predominan as razóns de carácter político sobre os desacordos económicos.

As esixencias de EUA tanto en relación ao déficit comercial (que acadou a cifra récord de 202 mil millóns de dólares en 2005, un 20% máis que en 2004); á depreciación da moeda chinesa; ou a protección dos dereitos da propiedade intelectual, non atoparon eco en Hu, quen disentiu abertamente do enfoque da Casa Branca. Bush, correndo un tupido velo sobre o caso UNOCAL, tamén reclamou a China a adopción de normas que permitan ás empresas estadounidenses competir no seu país coa mesma liberdade que as compañías chinesas compiten en EUA.

Hu lembrou a Bush que o 70% das exportacións chinesas a EUA consisten en produtos transformados, o que ven a significar que China obtén nese proceso unha pequena porcentaxe dos custos de transformación. Aplicando a regra de orixe das mercadorías, os beneficios calcúlanse como rendas obtidas por China nas súas exportacións cara EUA pero, en realidade, esa non é a imaxe completa e fidedigna do proceso, xa que son as multinacionais estadounidenses quen obteñen a maior vantaxe. Hu recordou a Bush que moitas empresas estadounidenses fan grandes e bos negocios en China: a cadea de distribución *Wal-Mart* é o sétimo mercado exportador de China. Este mesmo ano, China confirmárase como segundo socio de EUA, detrás de Canadá e por diante de México⁽⁵⁾.

O certo é que China quere depender cada vez menos das exportacións (70% do PIB) e dos investimentos produtivos, para favorecer un mercado de consumo interno que a penas representa un 50% do PIB en comparanza co 65% das economías dos países desenvolvidos. Esa nova mirada cara o mercado interior vese favorecida polas tensións cos seus socios comerciais e polas propias tensións internas que alertan dun cambio de tendencia. Algúns observadores comezan a chamar a atención sobre a elevación dos custes de produción, en especial, dos salarios, nas zonas máis desenvolvidas do país. Nas cidades do Sur de China, o crecemento salarial anual é da orde do 20%. As rivalidades entre o delta da ribeira do río Perolas, e o delta do Changjiang, nos arredores de Shangai, dan conta da penuria de man de obra, insuficiente a pesares do importante éxodo rural, e da baixa cualificación. Outro tanto acontece co prezo dos terreos ou os custes dunha protección medioambiental que resulta cada vez máis difícil de esquivar. A partir de 2007, ademais, o imposto sobre beneficios para as empresas de capitais estranxeiros iniciará o seu tránsito do 15%

(5) En El País, 24 de abril de 2006.

actual ata o 25%, en tanto que o das empresas chinesas é do 33%. Os patróns chineses das pequenas e medianas empresas exportadoras consideran que non resta moito tempo para que os seus prezos sigan sendo tan xenerosamente competitivos. Á elevación dos salarios, do custe das materias primas e ao incremento da presión fiscal (e da corrupción), sumarase a esperada reavaliación do iuán, que chegará dun xeito ou doutro.

Precisamente, a taxa de cambio do iuán foi outro dos temas destacados do cumio. EUA considérase lesionado pola política monetaria chinesa, ao estimar escandalosamente baixa a taxa de cambio do iuán, dato que contribúe a manter artificialmente os prezos baixos nas exportacións chinesas. Unha maior flexibilidade monetaria non será a variña máxica que solucione os desaxustes existentes no comercio bilateral, din en Beijing, condicionado polas restricións impostas por EUA ao seu comercio coa China, e onde impera a desconfianza, sobre todo no sector de altas tecnoloxías, por motivos de seguridade, co fin de retrasar o que parece inevitable, que China convértase tamén nun poder tecnolóxico mundial. Para Beijing, que en xullo pasado revalorizou o iuán nun 2,1%, é “inxusto e pouco científico” facer responsable a China de todos os males estadounidenses. O déficit é consecuencia da mundialización económica e da reestruturación da industria mundial. E así llelo fixo saber aos senadores Charles Schumer e Lindsay Graham, promotores dunha iniciativa legislativa para impor tarifas arancelarias do 27,5% ás importacións de produtos chineses se non deixa de “manipular” a súa divisa. Hu só se comprometeu a proseguir a reforma do sistema de tipo de cambio, pero ao ritmo ditado polos seus propios intereses. En calquera caso, rexeita todo tipo de ameaza de sancións, directas ou encubertas, ou de represalias que intensifiquen as diferenzas, por ser unha práctica incompatible coas regras do comercio multilateral.

En relación aos dereitos humanos, Hu fixo gala da retórica coñecida. A pouco souberon as tímidas palabras en favor dunha maior flexibilidade e tampouco foi apreciado o xesto de liberar a algúns prisioneiros políticos en vésperas do encontro, entre eles a Zhao Yan, un asistente da corresponsalía do *New York Times* en Beijing⁽⁶⁾.

Nos contenciosos exteriores, de Irán a Corea do Norte, as posicións tampouco se moveron. Hu rexeitou a política de sancións e o hipotético recurso ao capítulo VII da carta de Nacións Unidas contra o réxime de Teherán, medidas suxeridas por Bush. Como resultado dese rexeitamento, Bush parece descartar agora o propósito inicial de lexitimar a súa política contra Irán a través de Nacións Unidas, a sabendas de que non logrará dobregar a resistencia ruso-chinesa. Hu Jintao asegurou a disposición da China para evitar unha escalada na proliferación nuclear, pero observando sempre a vía diplomática. Hai dous anos, mediante un convenio por valor de 100.000 millóns de dólares, China asegurouse o subministro do petróleo e gas iraniano durante as próximas décadas. Beijing semella optar pola aplicación a este

(6) En *Libération*, 22 de abril de 2006.

problema dun modelo similar ao norcoreano. Na Administración Bush hainos convencidos mesmo de que China non está descontenta coa situación de enfrontamento con Irán, na medida en que iso pode permitirlle seguir incrementando a súa influencia de xeito máis ou menos discreto.

Outro tanto do mesmo aconteceu en materia de “cooperación” enerxética. Bush queixouse de que China chegue a acordos de subministro de petróleo con países cos que está desamigado (Sudán, Venezuela, Myanmar ou o propio Irán). Pero Hu podería recriminar o mesmo a Bush. As necesidades de petróleo de China aumentaron un 41% entre 2001 e 2005. As importacións procedentes de Irán aumentaron un 389% entre 2000 e 2004. No primeiro trimestre de 2006, o incremento da demanda de petróleo respecto ao mesmo período do ano anterior foi dun 25,3%. As súas necesidades van in crescendo como demostrou tamén a segunda parte desta xira a EUA, que incluíu tamén as visitas a Arabia Saudita, Marrocos, Nixeria e Quenia.

No político, Hu insistiu en que China seguirá o seu propio camiño. Non imitará ningún modelo e apreciará en todos aqueles instrumentos e principios que mellor se adecúen á realidade chinesa. Bush, pola contra, insiste en que acepte as súas “regras de xogo”, mentres para Hu o diálogo debe ser de igual a igual, aceptando, con normalidade, as diferenzas que poidan separalos.

Así pois, soamente podería dicirse que o ton do encontro foi o dunha singular posta a punto das diverxencias. Querendo ver esperanza, en Beijing fálase dun novo “consenso de Washington”. Pero no propio Renmin Ribao (*Diario do Pobo*) tamén se advirte: “En diante, é posible que haxa reveses na política de EUA cara China e débese apreciar con lucidez esta situación”. A cousa non parece ter fácil arranxo. De entrada, se China insiste, como parece, en seguir o seu propio camiño, esa libre determinación vai ser lida en Washington en clave de postular unha rivalidade⁽⁷⁾.

Pero China ten os seus propios intereses que defender. Na delegación empresarial que acompañaba a Hu, por exemplo, participaba a empresa *Norinco*, que en 2003 resultou fortemente sancionada por EUA pola súa participación no programa de mísil balístico iraniano. Esa contradición vai a estar presente cada vez máis, pois os intereses xeopolíticos non son converxentes. Así acontece tamén no Sudán, abastecedor de petróleo de China e que por iso non secunda a política de presións internacionais que auspicia EUA.

¿Consolidación das boas relacións ou inicio de tormenta? ¿Competitivos ou complementarios? ¿Aliados ou rivais? No entorno da Casa Branca, a lectura da visita é de decepción polos resultados (para os optimistas, improdutivo; para os pesimistas, desastrosa), na medida en que non se rexistrou ningún avance concreto en materia algunha de importancia (moeda, desequilibrio comercial, Irán)⁽⁸⁾. As economías respectivas son cada vez máis interdependentes, pero no ámbito político os distan-

(7) En Renmin Ribao, 24 de abril de 2006.

(8) En Stratfor.com, 26 de abril de 2006.

ciamentos aumentan. Por iso, aínda que Hu afirme que a influencia de China é benéfica e que non será unha ameaza para ninguén, a súa palabra non é suficiente garantía para que EUA se embarque nunha “asociación estratéxica” con China, tal como este país está tecendo con numerosas capitais de todo o mundo. As diferenzas de opinión e mesmo as friccións foron claramente constatables. Polo momento, a relación bilateral pasou a unha fase descoñecida ata o momento, a fase de ambigüidade, cunha evolución futura que se presenta incerta, pero que tampouco poderá manterse así de forma indefinida.

*Xulio Ríos é director do Observatorio da Política China
(Casa Asia-Igadi).*